



REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO (RRI) DA ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS "OS VALADOS" DO C.E.I.P. VILAVERDE - MOURENTE

CAPITULO I DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1. Obxecto do Regulamento de réxime interno

Este regulamento é unha norma básica para o desenvolvemento dos estatutos, en aspectos como a estrutura, toma de decisións, recursos materiais e humanos da asociación, normas das actividades, etc.

En tanto norma de desenvolvemento, está supeditado aos estatutos e en ningún caso poderá ir contra o articulado ou o seu espírito. Calquera conflito o resolverá a Xunta Directiva.

Artigo 2. Fins

Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ó cumprimento dos fins recollidos nos estatutos, sen que se poidan repartir entre as persoas asociadas nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

Para a realización das actividades que lle son propias, a Asociación utilizará locais do Centro, para o que a dirección do centro facilitará a integración das devanditas actividades na vida escolar tendo en conta o normal desenvolvemento da mesma.

A efectos da utilización dos locais do Centro a que se refire o apartado anterior será necesaria a previa comunicación da Xunta Directiva da Asociación á Dirección do Centro.

CAPÍTULO II DAS PERSOAS ASOCIADAS

Artigo 3. Prazos

Os prazos expresados en días nos estatutos e no presente regulamento e demais normas da asociación enténdense coma días naturais, salvo que se indique expresamente o contrario.

Artigo 4. Requisitos de admisión



O ingreso de novas persoas socias á asociación deberá respectar o estipulado nos estatutos e no presente regulamento, estar ao día dos pagamentos coa ANPA, e non ter sanción disciplinaria que o impida.

O ingreso como persoas socias e o pagamento da cota farase como unidade familiar.

Considérase unidade familiar a formada polos irmáns escolarizados no centro e os seus titores legais, sempre que estes non estean privados da patria potestade.

Para cada unidade familiar, poderán ser socios unha ou as dúas persoas titoras da unidade, sempre que figuren e asinen no correspondente formulario de inscrición.

Para a alta como socios, é preciso presentar totalmente cuberto e asinado o formulario de socio, no que constará a información identificativa dos titores que o desexen (persoas socias) e o alumnado do centro desa unidade familiar. Así mesmo constarán os datos de contacto para o envío das notificacións que sexan precisas para xestionar a relación asociativa.

As persoas socias comprométese a manter actualizados os datos aportados á Asociación, polo que cando se produza un cambio, deberán aportar un novo formulario totalmente cuberto e asinado con todos os datos precisos, que remitirán á persoa titular da secretaría da asociación.

Non poderán ser socios nin participar en actividades as persoas que manteñan débedas de calquera natureza coa asociación.

As débedas adquiridas por calquera membro da unidade familiar afectará á totalidade da mesma, en canto á prohibición de asociarse e participar nas actividades organizadas pola ANPA.

Artigo 5. Momento do ingreso

O período de ingreso de novos socios e socias á asociación abranguerá dende o inicio do curso escolar ata o 15 de outubro para cada curso escolar. Non se admitirán solicitudes de ingreso fora de ese intervalo temporal.

Para o alumnado que ingrese no centro en data posterior ao peche do período oficial de ingreso na asociación, terá un período de 15 días naturais dende a alta no centro para facer a solicitude de ingreso e o pagamento.

Artigo 6. As cotas sociais

Desde o seu ingreso, os socios e socias están obrigados a pagar unha cota social, cuxo importe será fixado pola Asemblea Xeral da Asociación.

O abono realizarase na conta bancaria da Asociación, considerándose a cota satisfeita no momento de darse de alta o movemento correspondente na conta. En caso de dúbida ou indeterminación da entrada nos movementos bancarios poderase pedir o xustificante do pagamento á persoa socia. Toda cota abonada á asociación adquirese de forma definitiva, sen posibilidade de esixir, en ningún caso, a súa devolución.



O período de pagamento das cotas anuais para os socios será dende o inicio de curso ata o 15 de outubro. Pasada esa data considerarase non aboada a cota e por tanto procederase a dar de baixa dito socio ou denegar a alta para o caso de novos ingresos.

Para o caso de non aboar a cota na conta disposta pola asociación para elo e optar, se é o caso, pola domiciliación da cota, deberá presentar o formulario de domiciliación como moi tarde o 30 setembro, e as domiciliacións pasaranse durante o mes de outubro.

No caso de non aboar a cota no prazo establecido, ou o recibo fora devolto no caso de domiciliación da cota, non se terá a consideración de socio da asociación durante dito curso escolar.

A Asociación resérvase a posibilidade excepcional de modular o importe da cota dun socio, ou de declaralo exento do seu pagamento en razón da súa situación persoal.

Esta cota cubrirá os gastos administrativos e de representación da Asociación. En caso de gastos extraordinarios derivados de actividades de xestión e funcionamento ordinario da Asociación, poderáselles solicitar aos socios o aboamento das súas cotas por adiantado. Así mesmo, poderase solicitar un aboamento extraordinario para a realización de actividades voluntarias que non correspondan a gastos administrativos ou de representación.

Artigo 7. Procedemento de admisión

A solicitude de ingreso ou renovación e o pagamento da cota anual será presentada ante a Xunta Directiva como moi tarde o 15 de outubro de cada curso escolar. En caso de rexeitamento do ingreso ou renovación do socio, a Xunta Directiva deberá especificar as causas de rexeitamento, e serán comunicados á persoa que solicita o ingreso na Asociación.

Unha vez admitido o solicitante como novo socio ou socia, o Secretario ou Secretaria procederá a dalo de alta no rexistro de socios da Asociación e a facilitarlle, no seu caso, o carné de afiliado. Así mesmo, desde o seu ingreso na Asociación, o novo socio ou socia debe aceptar sen reservas os Estatutos e o presente Regulamento da asociación, e estará obrigado ao aboamento, no tempo e na forma, das cotas que se determinen.

A Xunta Directiva presentarlle á Asemblea Xeral, cunha periodicidade anual, un informe sobre as baixas e altas de socios producidas no dito período.

Artigo 8. Dereitos e obrigas da persoa socia

A adquisición da condición de persoa socia da Asociación trae aparelado o goce dos dereitos e a obriga de respectar os deberes que constitúen o estatuto xurídico destes, e veñen recollidos nos Estatutos da Asociación.

Artigo 9. Réxime disciplinario



Considéranse infraccións as seguintes accións ou omisións cometidas polos socios e socias:

- a) A inobservancia ou incumprimento reiterado da lexislación vixente en materia de asociacións ou do ordenamento xurídico en xeral, o incumprimento das obrigas dimanantes dos Estatutos, do presente Regulamento, así como dos acordos validamente adoptados pola Xunta Directiva.
- b) A perda, con posterioridade ao seu ingreso, dalgún(s) dos requisitos necesarios para ser socio ou socia.
- c) A conduta incorrecta, o desprestixio á Asociación ou o seu órgano de representación ou os seus compoñentes con feitos ou palabras, a perturbación grave dos actos organizados por esta ou da normal convivencia entre asociados. Presumirase que existen tales condutas cando o asociado deliberadamente impida ou poña obstáculos ao cumprimento dos fins da Asociación ou ao funcionamento da Xunta Directiva.
- d) O incumprimento das obrigacións económicas coa Asociación, en particular, a falta de abono da cota de socio ou as cotas fixadas para as diferentes actividades.

A comisión dunha destas infraccións será obxecto da correspondente sanción, previa instrución do expediente sancionador, e sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutro tipo que poidan corresponder.

As infraccións recolleitas neste Artigo clasifícanse como leves, graves ou moi graves, segundo o grado de intencionalidade, a xeneralización da infracción, a reincidencia ou reiteración da conduta e a gravidade dos feitos. En atención á súa gravidade, estas infraccións serán sancionadas con amoestación oral, amoestación escrita, suspensión temporal da condición de socio dun a doce meses ou perda definitiva da condición de socio, segundo o caso. A suspensión da condición de socio supón a perda desta condición durante todo o seu prazo de duración. Tanto a suspensión como a perda da condición de socio levan aparellada a cesación automática nos cargos electivos que correspondan, no seu caso, ao socio sancionado.

A competencia para a cualificación do tipo de infracción e para a imposición da sanción correspondente correspóndelle á Xunta Directiva.

O expediente sancionador poderá iniciarse pola Xunta de oficio, por denuncia dun socio ou de terceiro. O acordo motivado de apertura do expediente disciplinario reflectirase no acta da reunión da Xunta Directiva no que se adopte, e deberá comunicarse ao interesado.

A Xunta Directiva nomeará de entre os seus membros a un ou varios instrutores do expediente. O interesado poderá realizar as alegacións que estime procedentes ante os instrutores no prazo de 15 días naturais dende a comunicación da apertura do expediente.

A Xunta Directiva resolverá definitivamente no prazo de un mes desde a recepción das alegacións, e á vista destas. O acordo, que debe ser notificado ao socio sancionado, será inmediatamente executivo.



O socio pode recorrer o acordo sancionador ante a primeira Asemblea Xeral que se celebre dende a resolución da xunta directiva, a cal resolve definitivamente en vía interna.

As infraccións prescribirán aos seis meses desde a súa comisión no caso das faltas leves, ao ano no caso das graves, e aos dous anos no caso das moi graves. O prazo de prescrición interromperase pola iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador.

Artigo 10. Perda da condición de persoa asociada

A condición de socio ou socia da Asociación pérdese polas causas recolleitas no Artigo anterior, en tanto que sanción disciplinaria, así como nos Estatutos. Ase mesmo, pérdese no caso de non aboar a cota anual no prazo establecido, de feito automático, sen necesidade de instrución de expediente sancionador .

O procedemento de perda da condición de socio por razóns disciplinarias réxese polo previsto no Artigo anterior.

A renuncia voluntaria debe ser comunicada de forma expresa e por escrito á Xunta Directiva. Esta comunicación, cuxa redacción é libre, pode enviarse por correo postal ou electrónico dirixido ao Presidente ou Presidenta da Asociación. Á recepción da súa renuncia, anótase o feito no rexistro de socios, e deixa de estar obrigado ao abono das cotas futuras. Este socio ou socia conserva a posibilidade de solicitar novamente o seu ingreso na Asociación en calquera momento, dentro do prazo estipulado para alta e renovación de socios.

En caso de morte, disolución ou incapacidade legal, a condición de socio ou socia pérdese automaticamente desde o momento en que esta circunstancia é coñecida pola Asociación.

CAPÍTULO III

DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 11. Reunións da Asemblea: clases e convocatoria

As reunións da asemblea xeral convocaranse cunha antelación de quince días naturais e notificarase a través do taboleiro de anuncios (se existe), a páxina web ou ben por comunicación individual as persoas socias.

A documentación e información sobre as materias incluídas na orde do día, estará a disposición das persoas asociadas na secretaría da asociación, cunha antelación mínima de quince días naturais á celebración da asemblea, no horario estipulado de funcionamento da oficina. Se o documento non ten restricións pola normativa de protección de datos, poderase comunicar da mesma forma que a convocatoria.



O dereito a voz e voto na Asemblea está condicionado ao abono das cotas sociais correspondentes. Así mesmo calquera outra débeda coa asociación dos integrantes da unidade familiar imposibilita para elo.

Artigo 12. Constitución e quórum de convocatoria

As reunións levaranse a cabo presencialmente de xeito preferente. A forma da asemblea (presencial ou telemática) será indicada na convocatoria. Non se permitirá a participación con medios telemáticos se a convocatoria é para unha asemblea presencial.

Non está permitida a asistencia por representación, excepto nos casos de enfermidade grave que impida acudir. Dita representación debe ser solicitada como máximo 24 horas antes da asemblea. A representación terá obrigatoriamente que recaer noutra persoa socia, que soamente poderá representar a unha persoa socia por asemblea.

Artigo 13. Desenvolvemento das asembleas

Os socios e socias poden presentar resolucións á Xunta Directiva cara á Asemblea Xeral. Deberán contar co respaldo da Xunta Directiva para presentarse á Asemblea.

Os outros socios e socias presentes poden presentar emendas ás resolucións, que non deben supoñer en ningún caso unha negativa directa nin unha modificación substancial á resolución presentada.

Durante a Asemblea, poderase expoñer por un tempo máximo de cinco minutos, fóra diso as exposicións que se correspondan coa presentación de informes pola Xunta Directiva. En canto ao procedemento de votación, primeiro votárase a emenda máis afastada da resolución e ao final o texto completo.

Artigo 14. Elección da xunta directiva

Para a elección da xunta directiva poderanse presentar candidaturas ata a hora fixada para primeira convocatoria da asemblea onde se vaia a producir a elección.

Cada candidatura terá que compoñerse cun mínimo de seis e un máximo de doce persoas socias, distribuídas nos seguintes cargos:

- a) Presidencia
- b) Vicepresidencia
- c) Tesourería
- d) Secretaría
- e) Vogais (entre dous e oito)

Chegado o punto da orde do día relativo a elección da Xunta Directiva, presentaranse as diferentes candidaturas e cada unha terá 5 minutos para expoñer as liñas do seu programa.



Unha vez finalizada dita exposición procederase á votación das diferentes candidaturas.

Se hai máis de dous candidaturas, procederase unha primeira votación entre todas as candidaturas. Se ningunha candidatura obtivese a maioría absoluta, repetirase a votación entre as dúas candidaturas máis votadas.

No caso de votar entre dúas candidaturas, sairá elixida aquela que teña máis votos. No caso de existir unha soa candidatura, votarase e deberá ser apoiada pola maioría simple dos presentes.

A candidatura elixida, poderán incluír nese momento como vogais, persoas socias presentes na asemblea que manifesten o seu desexo de entrar a formar parte da xunta directiva cun máximo dun 50% do número de compoñentes da candidatura elixida. Deberán contar coa aprobación da maioría simple da asemblea. No caso de que o número de persoas candidatas sobrepasen o número de prazas dispoñibles, farase unha votación e serán nomeadas as persoas con maior número de votos.

No caso de que se chegue a asemblea sen ningunha candidatura abrirose un proceso de diálogo (máximo 15 minutos) para formar unha candidatura entre os presentes na asemblea. Posteriormente procederase á súa ratificación pola asemblea.

De producirse vacantes na xunta directiva nomeada pola asemblea (vicepresidencia, tesourería ou secretaría), estas serán desempeñadas provisoriamente polas restantes persoas integrantes, ata a ratificación pola seguinte asemblea xeral. O nomeamento das persoas para dito cargo deberá ser apoiado pola maioría absoluta da xunta directiva.

No caso de que a vacante sexa a presidencia, será asumida pola persoa que ocupa a vicepresidencia, e deberase celebrar a asemblea para elixir unha nova xunta directiva antes dun mes.

No caso de que a xunta directiva teña un número de integrantes inferior ao elixido pola asemblea xeral, poderanse cubrir por persoas socias. Estes nomeamentos deberán aprobarse por maioría absoluta dos membros da Xunta directiva e deberá ser ratificado na seguinte asemblea xeral. Neste caso o fin de mandato dos membros así elixidos, será o que correspondía á persoa elixida inicialmente na elección pola asemblea xeral. E dicir, en ningún caso se ampliará a data final da xunta elixida pola asemblea.

A nova xunta directiva terá que ter a súa sesión de constitución antes de 21 días dende a elección. Mentres a xunta directiva saínte seguirá en funcións. Este período ata a constitución deberase aproveitar para a transición.

Artigo 15. Convocatoria da xunta directiva

A Xunta Directiva reunirase, previa convocatoria enviada con polo menos dous días naturais de antelación, a lo menos cada dous meses durante o curso escolar ou cantas veces o determine o seu presidente e á iniciativa ou petición expresa dun terzo dos seus membros. No caso de urxencia, poderá obviarse dito prazo. Deberá ratificarse dita urxencia cos votos favorables da metade dos compoñentes da xunta directiva.

A documentación e información sobre as materias incluídas na orde do día, estará a disposición das persoas integrantes da Xunta Directiva na secretaría da asociación,



dende a convocatoria da reunión, no horario estipulado de funcionamento da oficina. Se o documento non ten restricións pola normativa de protección de datos, poderase comunicar da mesma forma que a convocatoria.

Artigo 16. Actas

Das asembleas e reunións da Xunta directiva levantarase a correspondente acta, na que se reflexarán os datos identificativos da reunión, os asistentes e os acordos alcanzados.

En todos os asuntos, poderán formularse votos particulares, os cales consignaranse na acta previa petición da persoa que formula o voto particular.

Artigo 17. Grupos ou comisións de traballo

A Xunta Directiva poderá organizarse en grupos ou comisións de traballo, que terán que estar dirixidas por un membro da Xunta Directiva, aínda que poderán ter membros que sexan socios e non pertencen á Xunta Directiva.

A súa composición e funcionamento rexeranse polas normas que decida a Xunta Directiva no momento da súa creación, sempre cumprindo os estatutos e o presente regulamento de réxime interno.

Das súas reunións e acordos levantarán acta e darán conta á Xunta directiva da súa marcha nas reunións de xunta directiva.

CAPÍTULO IV

DOCUMENTACIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 18. Custodia

A documentación de natureza económica ou fiscal será custodiada pola persoa que ocupe o cargo da tesourería.

O resto da documentación será custodiada pola persoa que ocupe o cargo da secretaría, así como o selo da asociación.

A Xunta Directiva garantirá ás persoas socias os dereitos que a lexislación lles conceda sobre o acceso a dita documentación.

Artigo 19. Documentación das asembleas

A documentación e información sobre as materias incluídas na orde do día, estará a disposición das persoas asociadas na secretaría da asociación, cunha antelación mínima de quince días naturais á celebración da asemblea.



Calquera persoa socia, que estea ao día no aboamento das cotas, e resto de pagamentos coa asociación e coa documentación asociativa ao día poderá consultar dita documentación, no local social da asociación no horario de apertura ou nos horarios que se determinen.

Para a consulta de dita documentación, a persoa socia deberá identificarse, e a persoa que ocupe a secretaría comprobará que cumpre os requisitos expostos no parágrafo anterior.

Non se poderán facer copias de dita documentación podendo a persoa que a consulta tomar as notas que considere.

Artigo 20. Documentación da asociación

Para o acceso recollido na lexislación das persoas socias á documentación da asociación, deberase seguir o seguinte procedemento:

1. A persoa socia, fará unha solicitude por escrito, dirixido á presidencia, indicando os seus datos identificativos e concretando a documentación á que desexa acceder. No caso de que a documentación solicitada poida incluír datos persoais, farase constar o motivo polo que solicita a súa consulta.
2. Se a presidencia considera que dita solicitude inclúe datos persoais e non está xustificada a súa consulta, responderá negativamente á consulta de ditos datos. No caso de desconformidade da persoa solicitante, esta terá un prazo de 5 días para presentar alegacións que serán resoltas pola xunta directiva antes de 7 días.
3. Se a solicitude cumpre con todos os requisitos legais para o acceso á documentación, a presidencia programará unha cita antes de 30 días dende a solicitude, ou as alegacións se é o caso, para a consulta da documentación solicitada.
4. A consulta levarase a cabo no local social de la asociación, coa supervisión da persoa responsable da custodia de dita documentación, ou persoa en que delegue.
5. En ningún caso se poderán facer copias da documentación consultada.
6. A persoa socia asinará previamente á súa consulta as súas obrigas respecto os datos persoais aos que va acceder e que consinte que se lle comunique a ditas persoas o acceso aos seus datos por parte da persoa solicitante.
7. Como control, a persoa solicitante rexistrará toda a documentación consultada, indicando o documento consultado, a data de dito documento e os datos persoais accedidos. Asinará dito rexistro unha vez finalizada a consulta.

CAPÍTULO V

ACTIVIDADES

Artigo 21. Local asociativo



No taboleiro de anuncios do local, e na páxina web da Asociación, expoñerase todo aquilo que teña interese para a Asociación como, por exemplo, as convocatorias á Asemblea Xeral.

O local asociativo debe manterse en todo momento limpo e ordenado. Así mesmo, o mobiliario e demais bens da Asociación deben ser conservados e respectados.

Unicamente o presidente/a, o vicepresidente/a, tesoureiro/a e o secretario/a contarán con chaves do local. Os outros membros da Xunta Directiva que necesiten ter un xogo de chaves para desenvolver as tarefas encomendadas, farano á súa conta e baixo a súa responsabilidade.

Os socios e socias comprométese a respectar as normas de uso e goce do local da Asociación aquí estipuladas.

Artigo 22. Desenvolvemento das actividades

A Asociación desenvolverá as actividades necesarias para cumprir os seus fins, de conformidade cos Estatutos e co presente Regulamento. Todos os socios e socias, sempre que se atopen ao corrente do pago e satisfagan os requisitos necesarios, poden participar en todas as actividades organizadas pola Asociación, excepto naqueles casos que pola súa natureza, as prazas estean limitadas.

En caso de prazas limitadas, sempre terán prioridade as unidades familiares das persoas socias, sobre as non socias. No caso de que queden prazas libres, éstas poderán ser ocupadas por non socios, nas condicións que se estipulen.

Así mesmo, calquera socio ou socia pode propoñer actividades á Xunta Directiva, que decidirá por maioría a súa realización, salvo que esta sexa aprobada en Asemblea Xeral.

Para a organización de calquera actividade, é necesario presentar á Xunta Directiva os seguintes elementos: obxectivos, desenvolvemento, cronograma, responsables e participantes, orzamento, e avaliación.

Artigo 23. Non asociados

Atendendo ao artigo anterior, os asistentes ás actividades extraescolares que non pertencen a unha unidade familiar asociada, terá que aboar unha cota de matrícula na actividade extraescolar, fixada ao comezo do curso pola xunta directiva, e que en ningún caso poderá ser inferior ao 50% da cota anual de asociado.

Así mesmo, para o restante de actividades con prazas limitadas, que supoñan un coste para a asociación, deberán repercutir ás persoas non socias a lo menos o custe de dita actividade, que en todo caso debe ser superior ao importe a aportar polas persoas socias.

Artigo 24. Seguro de accidentes



Nas actividades extraescolares, será recomendable para os asistentes ter contratado un seguro que cubra a asistencia médica dos accidentes producidos durante a actividade. No caso de que a entidade que imparta a actividade non teña dito seguro contratado, terá que ser contratado polos asistentes, ou ben de modo privado ou na póliza contratada pola ANPA, aboando neste caso o importe anual establecido.

No caso de non contratar o seguro proposto pola ANPA ou outro, o custo da asistencia médica será por conta da unidade familiar do participante, para o cal deberá facer chegar xunto coa inscrición os datos da asistencia sanitaria que lle corresponde (sergas ou seguro privado).

CAPÍTULO VI

DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 25. Da reforma do Regulamento de réxime interno

A iniciativa para a reforma dos Estatutos da Asociación ou do presente Regulamento pode provir da Xunta Directiva ou dunha quinta parte das persoas socias. Para proceder a esta reforma, este asunto debe incluírse na orde do día da convocatoria á Asemblea Xeral.

A modificación do presente Regulamento aprobarase por maioría simple.

Dilixencia:

Javier Sánchez Sobral, titular da Presidencia, e M. Cruz Fontán Pérez, titular da Secretaría da Asociación de Nais e Pais de Alumnos "Os Valados" do C.E.I.P. Vilaverde - Mourente, fan constar que o presente regulamento de réxime interior está redactado coa inclusión das modificacións acordadas na asemblea xeral celebrada en data 21/12/2023, de acordo cos requisitos establecidos na LO 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e seguindo o procedemento previsto nos seus estatutos.

En Pontevedra, a 21 de decembro de 2023



A.N.P.A. "Os Valados" do C.E.I.P. Vilaverde - Mourente

(Sinatura das persoas titulares da Presidencia e da Secretaría)